

ENTRADAS

- ✓ O alumnado que empregue o servizo de autobús será custodiado no patio de columnas polo profesorado de garda dende a súa chegada ata a hora de entrada.
- ✓ Os nen@s que veñan acompañados polos pais, entrarán sos polo portalón negro, que se abrirá ás 9:35h.
- ✓ A continuación, poñeranse na fila que lles corresponda custodiados polos mestres/as de garda.
- ✓ As familias non poderán acceder ó patio de columnas.
- ✓ O portal péchase ás 9:50h. O alumnado que chegue a partir desa hora, entrará pola porta principal e, se traen xustificante do retraso, irán á súa aula sempre acompañados polo conserxe.
- ✓ As familias non poderán acceder ás aulas.
- ✓ Aqueles nen@s que non teñan xustificante do retraso, terán que agardar no hall ata o próximo cambio de clase, acompañados das familias.

SAÍDAS

- ✓ Para evitar aglomeracións, a saída farase de xeito gradual. Os nenos/as de Infantil empezarán a saír ás 14:20h., por cursos. Os de Primaria sairán ás 14:40h.
- ✓ As persoas que veñan recoller aos nenos/as teñen que estar autorizados polas familias e figurar o seu DNI na documentación do neno/a.

HORARIO

- ✓ O recreo será de 12:10h. a 12:40h.
- ✓ As titorías son os martes de 16:00h a 17:00h, debéndose concertar a cita con antelación.
- ✓ Durante os primeiros días, os cativos/as terán un período de adaptación.

INDICACIÓNS XERAIS

- ✓ A roupa dos nenos/as debe vir marcada co seu nome.
- ✓ Non se poden traer larpeiradas ó colexio.
- ✓ É moi importante que se pasen por escrito ó colexio os teléfonos de contacto e direccións, actualizados /as , se é preciso e

estar dispoñibles para contactar en caso de que faga falla.

- ✓ Así mesmo, é moi importante informar ó centro da existencia de alerxias, intolerancias, enfermidades ou tratamentos médicos dos nenos/as.
- ✓ Outro dato importante a ter en conta son as situacións legais de custodia, patria potestade, ordes de afastamento ou similares, para que o centro poida adoptar as medidas oportunas.

RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

Debemos ter en conta que a educación é una labor en común das familias e do colexio. Por iso, se traballamos xuntos todo funcionará moito mellor.

- ✓ A titora ou titor do seu fillo/a debe ser a persoa de referencia.
- ✓ No centro existe un orientador educativo. É un profesional especializado que tamén lles pode asesorar na súa labor educativa e no desenvolvemento dos alumnos/as.
- ✓ Os titores legais ou persoas autorizadas que recollan aos nenos/as en horario escolar, deben firmar no rexistro de secretaría e deixar una copia para o titor/a.